

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2019/7	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Constitución da nova Corporación Municipal»
<b>Data</b>	15 de xuño de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 12:08 ata as 12:50 horas
<b>Lugar</b>	Auditorio municipal
<b>Presidida por</b>	Miguel González González (Mesa de Idade) María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
Miguel González González	SÍ
M <sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Rodríguez	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ

Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada a válida constitución do órgano, a Sra. Secretaria abre a sesión, dando inicio á sesión plenaria.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### **ÚNICO. Constitución da nova Corporación Municipal.**

En cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Salceda de Caselas, despois de ver os resultados das eleccións do día 26 de maio de 2019, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnense os concelleiros enumerados asistidos pola secretaria, que dá fe do acto.

### **FORMACIÓN DA MESA DE IDADE E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

Declarada aberta a sesión pola Sra. Secretaria, procédese a constituír a Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior a menor idade presentes no acto, e da que é secretaria a da Corporación segundo o dispón o art. 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño. De conformidade co anterior a mesa queda integrada polos seguintes membros:

Miguel González González, concelleiro de maior idade que actúa como presidente, de conformidade coa aplicación analóxica do art. 23.2 da Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ana Cristina Pérez Cabaleiro, concelleira de menor idade.

Berta Alonso Soto, secretaria da Corporación.

Previa lectura pola secretaria das disposicións aplicables, a Mesa de Idade procede á comprobación das credenciais presentadas polos/as concelleiros/as.

Compróbase, a continuación, que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das

bases do réxime local, polo que tales declaracións pasan a formar parte do Rexistro de Intereses da Corporación que se custodia na Secretaría do Concello.

Asimesmo infórmase de que tanto Secretaría como Intervención puxeron á disposición dos concelleiros electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados en entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da corporación.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

Despois de que a secretaria do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos/as concelleiros/as electos, procédese a nomearlos/as por orde alfabética para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas.

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o **presidente da mesa** declara constituído o Concello de Salceda de Caselas despois das eleccións municipais do día 26 de maio de 2019.

## **ELECCIÓN DE ALCALDE/SA**

A **Sra. Secretaria** explica que o artigo 196.1 LOREX establece que:

*“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:*

- a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabecen sus correspondientes listas.*
- b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.*
- c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo. (...).”*

Preguntados os/as concelleiros/as que encabezan as correspondentes listas, sobre a presentación de candidaturas, realízanse as seguintes intervencións:

**Sr. Rodríguez Davila:** Bos días, moitísimas grazas á Sra. Secretaria, quero en primeiro lugar agradecer a asistencia a todos vostedes na mañá de hoxe, hoxe estamos de festivo porque é a constitución da nosa Corporación e polo tanto os trece concelleiros e concelleiras que conformamos esta Corporación somos o receso plural na sociedade salcedense, que como digo aquí esta enriba deste escenario a través dos diferentes grupos que nos presentamos nas pasadas eleccións municipais o pasado 26 de maio. Quero agradecer e dar tamén os parabéns aos novos concelleiros que tomaron posesión hai un intre, e desexarlle a todos eles que acerten nas súas decisións tanto que se exerzan no goberno coma na oposición, porque será en beneficio para todos os salcedenses.

Quero agradecer tamén a confianza maioritaria dos salcedenses na candidatura que teño a honra de encabezar, porque o mandato ao noso parecer foi claro, rotundo e que a sociedade salcedense, precisa, reclamou e sigue a pedir nestes intre que se respecte esa decisión das urnas, e polo tanto os seis concelleiros do Grupo Popular, os seis concelleiros que tiveron mais de 2.200 votos fronte a outras candidaturas, se lle respecte esa decisión polos trece concelleiros que formamos esta Corporación. Polo tanto, no nome dos meus seis compañeiros, no nome do Grupo Popular, por suposto que mantemos a nosa decisión de optar a obter a Alcaldía porque así o decidiron os veciños e unha vez mais mostramos a nosa coherencia. No ano 2011 fomos o partido gañador das eleccións e non nos deixaron gobernar por un pacto, no ano 2015 non gañamos as eleccións é eu unha vez máis mostrando a coherencia que hai que ter na vida non me presenteí a candidato á alcaldía para que gobernase por aquel entón o que ganase as eleccións, e no ano 2019 volvemos a decidir presentarnos a Alcaldía porque así nos avalaron os salcedenses e polo tanto é esta afirmación rotunda e firme de desexo non só da miña persoa se non da maioría dos salcedenses que se deixe gobernar e que governe quen gañe a eleccións, e non de quen perde as eleccións e iso é o que eu reclamo en nome deste grupo e é o que eu pido na mañá de hoxe, que se decida deixar gobernar, ostentar o bastón de mando desta Corporación, á persoa que encabezou a lista mais votada polos salcedenses, que foi a candidatura do Grupo Popular que teño a honra de encabezar.

Polo tanto, postúlome como Alcalde do Excelentísimo Concello de Salceda de Caselas.

**Sra. Castiñeira Alén:** Bos días a todas e todos, como dicía o compañeiro, hoxe é un día de alegría democrática. Celebramos o pleno de investidura, un pleno no que por primeira vez na historia democrática de Salceda, unha historia que comezou no 1836... logo de 183 anos, si, tiveron que pasar 183 anos, vivimos hoxe un feito histórico, unha corporación está formada por unha maioría de mulleres: 7 concelleiras (Lucía, Verónica, Gela, Ana Cristina, Angela e Noelia) e 6 concelleiros

(Miguel, Alex, Rubén, Santiago, Joaquín e Primitivo). Benvidos e benvidas a este pleno. Pleno este onde os e as concelleiras electas escolleremos Alcalde ou Alcaldesa que rexerá o destino de Salceda nos vindeiros 4 anos. Ver este auditorio ateigado de veciños e veciñas, de amigos e familiares... da conta da importancia do que estamos a vivir. Eu non sei que van a votar todos os membros deste Pleno, pero sei que Movemento Salceda vai votar a un proxecto de transformación que naceu aló no 2007 e nos trouxo a Salceda do presente, unha Salceda; cambiada, moderna, transformada e fermosa e de futuro; e ese futuro ten que ser cun equipo ao fronte forte, unido e cas ideas claras para seguir mellorando, un equipo de persoas que escoite a veciñanza e lle faga a vida un pouco máis sinxela, ese equipo de persoas ten que recoller de maneira real o resultado das urnas, unhas urnas que dixeron si a unha maioría de esquerda. Movemento Salceda plantexa un goberno realista e rigoroso acorde os resultados obtidos nas pasadas eleccións do 26M. Movemento Salceda obtivo 1481 votos, 4 actas de concelleiros/as e PSOE 1036 e 3 actas. En Movemento Salceda queremos agradecer a confianza desas 1481 persoas que confiaron en nós, e eu persoalmente a toda esa veciñanza que nestes días me leva mostrándome todo o seu apoio. O procedemento democrático permíteme hoxe postularme, con humildade pero tamén con orgullo, para ser a vosa alcaldesa, e para elo pido o apoio desta Corporación.

**Sra. Tourón Domínguez:** Bo día a todos e a todas, en primeiro lugar darvos a benvida a todos e a todas a este auditorio e agradecer o traballo dos Concelleiros saíntes, Tere, Sito, Carla e Miriam desta última lexislatura, tamén a Marcos Besada que foi Alcalde de Salceda durante 12 anos, agradecemento que debo facer non só individualmente senón tamén do Grupo Socialista, pois cos nosos encontros e desencontros foron 12 anos nos que tamén o partido socialista participou durante unha etapa na transformación da Salceda, e creo que é de agradecer; quero tamén dar as grazas a todos os Concelleiros entrantes: Lucia, Alex, Cristina, Noelia e Rubén, desexarlle a eles igual que a todos nós, os 13 membros da corporación, que teñamos moitos acertos. Dicar que foron semanas de intensas negociacións, semanas de moita incerteza, de intentar chegar a acordos, o Grupo Socialista intentou dende sempre actuar dende a máxima responsabilidade política, esa responsabilidade política que nos deron as urnas o 26 de maio.

O 26 de maio Salceda dixo que era maioritariamente de esquerdas e que a suma de todo os votos que representamos a esquerda deberíamos intentar, os seus representantes, chegar a acordos para un goberno estable, e aí foi onde estivo en todo o momento o Partido Socialista. Os tempos mudaron, a política non é a de fai anos, é necesario chegar a acordos, é necesario saber chegar a eses acordos a través das negociacións e nós en cumprimento da nosa palabra, esa palabra que demos en todo momento e no máximo compromiso por Salceda estamos convencidos de que o acordo que acabamos de chegar vai a dar froito e vai a ser bo para toda Salceda. Eu sei que a decisión que tomou o Partido Socialista non vai a ser a gusto de todos, tomáramos a que tomáramos das opcións que tiñamos enriba da mesa non ía ser a

gusto de todos, nos, volto a repetir, o fixemos desde a responsabilidade política, co noso compromiso coa esquerda e estamos convencidos de que ten que ser así e de que é a mellor opción para Salceda.

O acordo a que acabamos de chegar o presentaremos Loli e eu aos medios e a toda a veciñanza, e o acordo compartido de Alcaldía, de dous e dous anos. Mais alá dese reflexo no papel de dous e dous anos, o que acabamos de acordar é un goberno que compartamos outro xeito de gobernar, outra forma de facer as cousas, con participación cidadá e dialogo constante. Mais alá de todo o que se leva intentando embarrar este proceso de negociación, o Partido Socialista o único de dixo durante toda a campaña era que non ía facer Alcalde, cos votos do Partido Socialista, a Marcos Besada.

Gracias a todos os asistentes e a toda a Corporación e desexar aos 13 concelleiros que teñamos moitos acertos. Polo tanto en virtude deste acordo renuncio a presentar candidatura a Alcaldía.

O **Sra Secretaria** di que existen dúas candidaturas presentadas á Alcaldía: Santiago Rodríguez Davila (P.P.) e M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén (Movemento Salceda) e retira a súa candidatura Verónica Tourón Domínguez (PSdeG-PSOE)); sendo polo tanto candidatos á Alcaldía de Salceda de Caselas as seguintes persoas:

Santiago Rodríguez Davila (P.P.)  
M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén (Movemento Salceda)

## **ELECCIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN**

A **Sra. Secretaria** convida aos Concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) para elixir o Alcalde.

Elixido o sistema de votación ordinaria, sométense a votación as dúas candidaturas presentadas á Alcaldía, co seguinte resultado:

Santiago Rodríguez Davila: 6 votos (6 dos concelleiros do P.P.)  
M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén: 7 votos (4 Movemento Salceda e 3 PSdeG-PSOE)

En consecuencia, sendo 13 o número de concelleiros e 7 a maioría absoluta legal, resulta electa M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén, manifestando o **presidente de mesa** de idade a súa proclamación.

De conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en

materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén promete o seu cargo.e pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que se disolverá a mesa de idade.

**Sra. Castiñeira Alén:** Concelleiras e concelleiros, portavoces dos distintos grupos políticos, amigas e amigos, veciñas e veciños de Salceda, días de intensa emoción que tal vez non me permitiron facer o discurso que esta ocasión se merece pero que tiña claro que tiña que basearse en tres pilares fundamentais, o primeiro deles: a responsabilidade en equipo, como vos dixen foron días tan intensos e cheos de emocións, e agora chega a responsabilidade, a responsabilidade de saber xestionar, o compromiso firme do traballo en equipo.

Esta responsabilidade e compromiso ten que ser de todas e todos; do goberno, da oposición e da veciñanza. Temos que rebaixar o nivel de crispación, tensión social e incluso nas redes sociais, non contribuír á destrución, todo o contrario.

Vivimos nun espazo fermoso pero reducido, multicultural como temos comprobado nos últimos días, no que os pensamentos e as ideas son diferentes... pero é posible a convivencia tranquila en Salceda.

Desde a miña responsabilidade, traballarei para unir, buscarei a unión para o ben común. Se o consigo, se o conseguimos non imos sumar imos multiplicar.

Traballo e proxectos: Xestionaremos activamente e de maneira eficaz, faremos de Salceda unha Salceda innovadora, pero sen perder as nosas raíces, sen perder o somos, tendo sempre en conta o noso pasado, a nosa condición de galegos e galegas. A perfección non está noso ADN, erramos, e erramos a miúdo, e trataremos de compensalo co que mellor sabemos facer, traballar, traballar e traballar. Levando adiante proxectos de vital importancia para o futuro da nosa vila e do noso municipio. Sempre dende o maior dos consensos e escoitando. Porque esta Salceda que nos soñamos ten que ser a que vos soñades.

Agradecementos e lembranzas: Moito ten cambiado Salceda, estou orgullosa desa transformación, a transformación en todos os sentidos. Un cambio que comezou aló no 2007 da man del, da man do Alcalde do cambio, Marcos Besada. Marcos Besada tróuxonos ata aquí, ate este presente dunha Salceda diferente, unha Salceda como a el lle gusta chamar, unha Salceda das persoas. ¡Gracias pola túa intelixencia, polo teu saber, gracias mestre, gracias por todo!

O meu agradecemento a todo o equipo de Movemento Salceda, ten traballado moito este equipo e so lle debo gratitude, gratitude por ter a Salceda na cabeza e sobre todo por ter a Salceda no corazón. Non podo esquecerme das compañeiras e compañeiros

do Partido Socialista, parte deste recorrido nestes anos, desde 2007, fixémoslo xuntos, e despois dun tempo onde non foi posible o acordo, temos que recuperar esa unidade. Movemento Salceda nunca foi o seu inimigo, o mellor non fixemos todos os esforzos do mundo por entendernos pero este é o momento de facelo porque temos un mandato dos veciños e das veciñas de Salceda. A miña gratitude infinita os meus, a miña xente a máis cercana, que choran e rin comigo. A todos e a todas vos por facer que se cumpra o soño, ser a vosa Alcaldesa, a Alcaldesa das persoas, Salceda, sempre.

**Sr. Rodriguez Davila:** Agradézolle as persoas que estades a aquí e as que abandonaron ante este triste e bochornoso suceso. Hai un intre os compañeiros prometemos pola conciencia e honor, e hai a certas persoas da corporación que a palabra honor lles queda un pouco grande, é importe que hoxe vaian ao dicionario e busquen ese palabra porque na vida non é so conseguir o obxectivo que hoxe pretenden, se non como facelo, o camiño que se percorre para conseguir eses obxectivos é moito máis importante, de como se percorre ese camiño, das maneiras, do facer, do saber estar, que conseguir o obxectivo. A min a verdade e que, hoxe, esas persoas que consumaron esta desavinza cos veciños, este desprezo, porque mercadear ata o último minuto cunha institución pública, despois de dicir publicamente, despois de dar a palabra a estes concelleiros deste grupo, de que unha decisión incluso votada en tres ocasións por unanimidade que se ía a levar ata as últimas consecuencias, moito hai que tragar, van ter que agachar moito a cabeza, porque cando os veciños lle vexan a cara van a ter que dar explicacións ou as debían de dar, porque non van a dar, as explicacións sobre semellante submisión aos seus votantes e a palabra dada aos seus veciños.

Que triste, que lamentable, que decepción como persoas que non son quen de cumprir a palabra dada, cando unha nena de aínda dez anos chora porque non entende que os que perden gañan, esta é a sociedade, pero este é o reflexo do verdadeiro Partido Socialista, din unha cousa e fan todo o contrario do que din. Non pensedes que un se vai a desanimar, que un se vai a agochar, todo o contrario, outros terán que facelo, sabedes porque? porque nos non faltamos á palabra, nos non faltamos aos veciños, nós non enganamos aos salcedenses, outros tristemente se alegran aínda despois de ter unha derrota contundente nas urnas e festexan esa derrota.

Unha vez máis demostraremos que sabemos estar onde tristemente os votos dos perdedores nos puxeron, non os salcedenses, non o esquezades. Polo tanto, o noso compromiso é seguir arrimando o ombreiro naquilo no que consideremos bo para os salcedenses, seguiremos estando nas celebracións e nos actos institucionais como sempre e, por último, dicirlles a todos os membros da candidatura, que me alegro que esteades aquí, a todas as persoas que formades parte do comité local do noso partido, non pensedes que nos imos a desanimar nin que nos imos a vir abaixo, todo o contrario, nos non temos que que agachar a cabeza Sra. Verónica, nós non temos



que agachar a cabeza Sra. Ángela, nós non temos que agachar a cabeza Sr. Rubén, nós non, nós damos a palabra e a cumprimos. Nunca pensei Sra. Verónica Tourón que vostede fora a ceder ante esta proposta, tan pueril como é darlle ou sumar aqueles dos que os salcedenses non queren. Felicito a todos os salcedenses pola súa participación nas eleccións, felicito aos meus compañeiros, agradezo a asistencia de todos os que xa marcharon ante a indignación, e sobre todo aos valientes que estades aquí dando a cara. Moitas grazas e imos a seguir onde estamos, que é traballar por e para Salceda.

**Verónica Tourón Domínguez:** Hai que rebaixar o nivel de crispación e dende logo nin eu nin o grupo vamos a sumarnos a que esa crispación aumente se non que imos a facer as cousas con responsabilidade. As negociacións son lícitas en democracia, o lóxico para o Partido Socialista é que se intente facer un goberno de esquerdas, as negociacións comezan dunha maneira e rematan con concesións para chegar a acordos, creo que os trece concelleiros debemos comezar a pensar que vai a ser un lexislatura para a negociación, para a participación da veciñanza e onde todos temos que chegar a acordos, uns nos gustaran máis e outros nos gustaran menos, pero dende longo se os que representamos ao pobo non sabemos negociar, non sabemos chegar a acordos, mal vamos. Grazas.

Finalizadas as intervencións, pola Sra. Alcaldesa se procede á sinatura da acta de arqueo elaborada pola Intervención e a Tesouraría, e a tomar razón do informe da Secretaría do Concello relativo ao inventario municipal de bens e dereitos.

Non habendo máis temas que tratar, ás doce horas e cincuenta minutos, a Sra. Alcaldesa levanta a sesión, da que estendo a presente acta

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**